



CIRCULAR 11/2008 DA SECRETARÍA XERAL, POLA QUE SE DITAN INSTRUCCIÓNNS E SE SINALAN DIVERSOS ASPECTOS RELACIONADOS COS CONCURSOS XERAIS DE TRASLADOS DO CORPO DE MESTRES, CORPO DE CATEDRÁTICOS DE ENSINO SECUNDARIO, CATEDRÁTICOS DE ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS, CATEDRÁTICOS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO, CATEDRÁTICOS DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS, PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO, PROFESORES TÉCNICOS DE FP, PROFESORES DE ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS, PROFESORES DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS E PROFESORES E MESTRES DE TALLER DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO

Por Ordes do 3 de decembro de 2008 convocáronse os concursos de traslados entre funcionarios docentes do corpo de mestres así como dos corpos de catedráticos de ensino secundario, catedráticos de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de artes plásticas e deseño, profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño para o curso 2008-2009.

Ao abeiro das ditas ordes, esta SECRETARÍA XERAL estima conveniente clarificar diversas cuestións no que afecta aos criterios utilizados para a baremación dos méritos contidos nos respectivos anexos, informar das novedades que se producen neste proceso en relación con outros celebrados con anterioridade, así como ditar determinadas instruccións no que atinxo ao procedemento de participación no proceso:

- 1. PARTICIPACIÓN CONXUNTA.** O profesorado pertencente aos corpos de catedráticos de ensino secundario, catedráticos de escolas oficiais de idiomas e catedráticos de artes plásticas e deseño

participarán no conxunto de traslados conxuntamente cos funcionarios dos corpos de profesores dos niveis correspondentes,

ás mesmas vacantes e co mesmo baremo de méritos, sen prexuízo daqueles méritos específicos recollidos na orde de convocatoria.

2. BAREMO DE MÉRITOS:

No que afecta aos **criterios de baremación de méritos** aos que se axustan as convocatorias dos diferentes concursos de traslados cabe sinalar:

i.

ANTIGÜIDADE:

a) **SERVIZOS EFECTIVOS:** Unicamente computan os servizos prestados como funcionario ou funcionaria de carreira: En ningún caso se terán en conta os servizos prestados como funcionario ou funcionaria en prácticas ou como persoal interino e/ou substituto.

A data límite de referencia para o cómputo neste apartado do baremo no corpo de mestres é ata o día 2 de xaneiro de 2008. Para os restantes corpos a data de referencia será o 31 de agosto de 2009

b) **PERMANENCIA NO CENTRO:** Neste concepto unicamente serán considerados aqueles servizos prestados por cada ano consecutivo prestado como funcionario con destino definitivo e na mesma praza do centro dende o que se concursa. No caso do corpo de mestres serán considerados aqueles servizos prestados como funcionario con destino definitivo nun centro.

Os **funcionarios de carreira que participen por primeira vez con carácter voluntario** no concurso xeral de traslados correspondente poderán optar, sinalando a opción na instancia de participación, entre a puntuación que lle corresponda polo apartados 1.2.4 e 1.2.5 (se se trata

dos corpos de catedráticos de ensino secundario, catedráticos de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de artes plásticas e deseño, profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional,

profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño); ou entre a puntuación que lle corresponda polo apartados a) e c) (se se trata de concursantes que participan polo corpo de mestres). No caso de optar polo apartado 1.2.5, ou c), segundo corresponda, computánselle ademais dos anos de servizo prestados como funcionarios de carreira en expectativa de destino, aqueles que prestasen no centro desde o que participan con destino definitivo.

c) PRAZAS CUALIFICADAS COMO DE ESPECIAL

DIFICULTADE: No que respecta ao concurso para o corpo de mestres, teñen esta cualificación os centros relacionados no Orde do 24 de outubro de 1990 (DOG do 12 de novembro).

Para os restantes corpos, o único centro que ten esta cualificación é o CPI de Seoane (Foloso do Courel)

MÉRITOS ACADÉMICOS:

- a)** No caso de funcionarios pertencentes a corpos docentes do grupo A1, non se valorará en ningún caso a primeira licenciatura ou estudos equivalentes que posúa o participante.
- b)** No caso de funcionarios pertencentes a corpos docentes do grupo A2, non se valorará en ningún caso a primeira diplomatura ou estudos equivalentes que posúa o participante.

FORMACIÓN E PERFECCIONAMIENTO:

- a)** Neste apartado puntuaranse aqueles cursos superados que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre os aspectos científicos e didácticos da especialidade correspondentes ás

prazas ás que opte o participante, ou contidos transversais, ou relacionados coa organización escolar ou coas novas tecnoloxías aplicables á educación, organizados polas administracións educativas, por institucións sen ánimo de lucro que fosen

homologados ou recoñecidos polas administracións anteditas, así como polas universidades. A puntuación de cada curso realizarase en función do número de horas de duración do mesmo; a tales efectos, para aqueles cursos que veñan cuantificados en créditos académicos un crédito será equivalente a 10 horas.

Non serán puntuables os cursos do Diploma de Estudos Avanzados, os cursos de doutoramento e o Curso de Adaptación Pedagólica (no corpo de mestres este último curso é puntuable)

- b)** Por outras actividades de formación e perfeccionamento en materia educativa, incluída a impartición de cursos .

iv

PUBLICACIÓNS: Neste apartado puntuaranse únicamente aquelas publicacións que estando obligadas a consignar o ISBN, en virtude do disposto polo decreto 2984/72, de 2 de novembro, ou no seu caso ISSN ou ISMN, carezan do mesmo, non serán valoradas, así como aquellas nas que o autor sexa o editor das mesmas.

No caso de libros os exemplares correspondentes, así como certificado da editorial onde conste o número de exemplares e que a difusión dos mesmos foi en librerías comerciais.

Para a valoración de libros editados polas universidades, organismos ou entidades públicas, será necesario aportar certificación na que conste a distribución dos mesmos.

No caso de revistas, certificación na que conste o número de exemplares, lugares de distribución e venda, ou asociación científica ou didáctica, legalmente constituída, a que pertence a revista.

Nos supostos en que a editorial ou asociación teñan desaparecido, dito extremo terá que xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.

No caso de publicacións que soamente se dan en formato electrónico, presentarase un informe oficial no cal, o organismo emisor, certificará que a publicación aparece na base de datos bibliográfica. Neste documento indicarase a base de datos, o título da publicación, os autores, a revista, o volume, o ano e a páxina inicial e final.

TRABALLOS DESENVOLVIDOS: Unicamente computan os traballos desenvolvidos como funcionario ou funcionaria de carreira. En ningún caso se terán e conta aqueles traballos desenvolvidos como funcionario ou funcionaria en prácticas ou como persoal interino e/ou substituto.

a) No concurso de traslados de catedráticos de ensino secundario, catedráticos de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de artes plásticas e deseño, profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas o cargo de coordinador de normalización lingüística será equivalente, a efectos de puntuación, ao de xefe de departamento.

b) No concurso de traslados do corpo de mestres o cargo de coordinador de normalización lingüística así como o de xefe de seminario/departamento, coordinador/a de departamento, de actividades extraescolares e complementarias ou responsable de centro de menos de tres unidades son equivalentes ao de coordinador de ciclo.

3 VACANTES: No que respecta ás vacantes do concurso, incorporaranse:

- aquellas previstas no momento da convocatoria.

- as que se produzan por xubilación forzosa por cumprimento dos 70 anos de idade.
- as que se produzan pola xubilación voluntaria anticipada prevista na disposición transitoria segunda da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- as que se produzan ata o 31 de decembro de 2008.
- as que resulten da resolución do concurso en cada corpo polo que se concursa.
- as que resulten do concurso de traslados específico de orientación para o caso do concurso de traslados de mestres.

A convocatoria destas prazas vacantes está condicionada a que o seu funcionamento estea previsto na planificación xeral educativa.

4 REQUISITO DE COÑECEMENTO DE LINGUA GALEGA: Para participar no concurso de traslados do corpo de profesores de ensino secundaria nas especialidades de filosofía, xeografía e historia, física e química, bioloxía e xeoloxía, matemáticas, debuxo e en todas as especialidades do corpo de profesores de ensino secundaria referentes á formación profesional específica e en todas as especialidades do corpo de profesores técnicos de formación profesional e nas especialidades de acrobacia, canto aplicado á arte dramática, caracterización e indumentaria, danza aplicada á arte dramática, dicción e expresión oral, dirección escénica , dramaturxia, esgrima, espazo escénico, expresión corporal, iluminación, interpretación, interpretación con obxectos, interpretación no musical, interpretación no teatro do xesto, literatura dramática, técnicas escénicas, técnicas gráficas, teoría e historia del arte e teoría teatral, todas elas del corpo de profesores de música e artes escénicas, , no corpo de mestres, nos postos de traballo de educación infantil, educación primaria, ciencias sociais-xeografía e historia e da área de ciencias naturais e matemáticas do primeiro e segundo curso da educación

secundaria obligatoria, será requisito imprescindible estar en posesión do certificado de lingua galega 4 (Celga 4), superar o curso de perfeccionamento de lingua galega, ter a validación correspondente ou superalo a través de proba libre. A estes únicos efectos, entenderase que reúnen este requisito os que superaran a proba de coñecementos de lingua galega no procedemento

selectivo de acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño.

Este requisito deberá posuírse e xustificarse no prazo de reclamacións e renuncias previsto nas respectivas ordes de convocatorias respectivas.

5 PROFESORADO DESPRAZADO POR FALTA DE HORARIO: O

profesorado desprazado por falta de horario ten a obriga de participar no concurso de traslados agás que no centro dende o que se despraza teña destino definitivo un profesor ou profesora da mesma especialidade nacido/a antes do 31 de agosto de 1948. Se existise máis dun profesor desprazado non estará obrigado a concursar o que teña maior dereito, conforme os criterios establecidos no artigo 4 do Decreto 140/2006, do 31 de agosto, polo que se determinan os criterios de perda do destino definitivo polas funcionarias e funcionários docentes e que son os seguintes:

- A Menor antigüidade ininterrompida como definitivo na praza.
- B Menor tempo de servizos efectivos como funcionaria ou funcionario de carreira do corpo ao que pertenza cada funcionaria ou funcionario.
- C Ano más recente de ingreso no corpo.
- D Non pertencer ao corpo de catedráticos
- E A menor existencia de cargas familiares, nomeadamente menores de 6 anos e persoas con discapacidades severas.

Aqueles profesores desprazados por falta de horario que participen no concurso de traslados exercendo o dereito preferente, poderá renunciar á participación no concurso nas catro primeiras convocatorias desde que se

produciu a perda do destino, mantendo o dereito preferente a obter destino no centro ou localidade.

En todo caso, se se trata de integración total ou parcial ou traslado de ensinanzas dun centro a outro, considérase profesorado desprazado por falta de horario o que, como consecuencia de traslado de ensinanzas, non puido quedar adscrito definitivamente no centro receptor, segundo dispón o artigo 7.3 do Decreto 140/2006, do 31 de agosto, polo que se determinan os criterios de perda do destino definitivo polas funcionarias ou funcionários docentes. Neste caso, e de conformidade co establecido no artigo 10 do Decreto 140/2006, do 31 de agosto, polo que se determinan os criterios de perda do destino definitivo, no caso de traslado de ensinanzas, durante os seis anos seguintes á realización de dito traslado as funcionarias e funcionários docentes afectados terán un dereito de retorno ao seu centro de orixe en calquera das especialidades das que sexan titulares.

Os profesores que no curso académico 2008-2009 estean desprazados do seu centro de destino definitivo por falta de horario participarán no concurso cos mesmos dereitos que os profesores suprimidos. Enténdese que un profesor ou profesora está desprazada por falta de horario cando ten 0 horas de docencia da súa especialidade no centro de destino

6 PARTICIPACIÓN FORZOSA: Están obligados a participar no concurso de traslados os seguinte colectivos:

- a) Funcionariado que, procedente da situación de excedencia ou suspensión de funcións, reingresase con destino provisional no ámbito de xestión da Consellería de Educación e Ordenación

Universitaria con anterioridade á data de publicación da orde pola que se convoca o concurso xeral de traslados.

- b) Funcionariado en situación de excedencia forzosa ou suspensión de funcións con perda do posto de destino e que, cumprida a sanción, non obtivesen un reingreso provisional, e que fosen declarados

nestas situacíons desde un centro dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

- c) Funcionariado suprimido ou desprazado por falta de horario conforme ao establecido no punto anterior.
- d) Funcionariado que, estando adscritos a prazas no exterior, deba reincorporarse ao ámbito territorial de xestión da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no presente curso académico, ou que téndose reincorporado en cursos anteriores non teñan obtido un destino definitivo.
- e) Funcionariado que perdece o seu destino definitivo en cumprimento de sentenza ou resolución de recurso, ou por encontrarse en situación de desprazado por falta de horario ou suprimido do posto que desempeñaban con carácter definitivo.
- f) O profesorado con destino provisional que durante o curso académico estea prestando servizos en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e que figure como tal na Resolución do concurso de traslados do curso anterior.
- g) Os funcionarios en prácticas que superaron o último procedemento selectivo convocado. Estes participantes farán con cero puntos.

7 PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

A solicitude deberá efectuarse a través de Internet na páxina web da Secretaría Xeral, imprimirse a petición que, no seu caso, xunto coa documentación

correspondente, poderá presentarse nas delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas secretarías do centro educativo onde presta servizos o concursante ou en calquera das dependencias ás que alude o artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de que optasen por presentar a súa solicitude ante unha oficina de correos, farano en sobre aberto, para que a

instancia sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de ser certificada.

Sen prexuízo do anterior, deberá terse en conta que as Secretarías dos centros docentes non son unha das oficinas na que poden presentarse documentos dirixidos a calquera organismo público, de conformidade co disposto no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común.

8. SOLICITUDES DE PRAZAS BILINGÜES: No presente concurso de traslados convócanse prazas de sección bilingües; para acceder ás prazas mesmas o profesorado das especialidades correspondentes deberán acreditar como mínimo, o nivel B1 do marco común europeo, da lingua correspondente, acreditado cunha das seguintes titulacións:

- Licenciatura na filoloxía ou tradución e interpretación da lingua estranxeira empregada na sección bilingüe.
- Título de mestre especialista nesa lingua estranxeira.
- Certificado de ter superado o nivel intermedio das escolas oficiais de idiomas ou equivalentes.
- Certificados equivalentes dos países estranxeiros publicados na circular anual para as EOI que permiten o acceso ao nivel seguinte avanzado 1.

É importante resaltar que as prazas bilingües non se adxudican con carácter forzoso.

Para concursar a estas prazas, especificarase na solicitude os códigos 1, 2 ou 3 segundo o idioma sexa francés, inglés ou alemán, respectivamente. Cando a praza no centro queira solicitarse sen sección bilingüe e como sección bilingüe, deberá repetirse o código do centro, nun caso sen sinalar os códigos 1, 2 ou 3, e noutro sinalandoos.

9 RECLAMACIÓN E RENUNCIAS Á PARTICIPACIÓN NO CONCURSO:

CONCURSO: Unha vez concluído o prazo de presentación de instancias non se admitirá ningunha modificación ás peticións formuladas. Non obstante, admitiráselles renuncia a participar no concurso de traslados no prazo de 5 días hábiles, que será establecido na resolución provisional.

As persoas que desexen renunciar á súa participación no concurso, deberán realizar a renuncia áinda no suposto de que non obtivesen destino na resolución provisional, xa que, de non o facer, poderán obter destino na resolución definitiva. O destino adxudicado na resolución definitiva é irrenunciable.

De conformidade co establecido no artigo 9 do Decreto 140/2006, do 31 de agosto, o funcionariado docente desprazado por falta de horario que participe no concurso de traslados exercendo o dereito preferente, poderá renunciar á participación no concurso nos catro primeiras convocatorias dende que se produza a perda de destino, mantendo o dereito preferente a obter destino no centro ou localidade

Santiago de Compostela; 15 de decembro de 2008.

O Secretario Xeral:

Asdo.: Benito Fernández Rodríguez